

*Airiños, airiños aires,
Airiños da miña terra,
Airiños, airiños aires,
Airiños, leváime á ela.*

*Sín ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu' á donde queira que vaya,
Cróbeme un-ha sombra espesa.
Cróbeme un-ha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu' á miña vida envenena.
Leváime, leváime airiños,
Com' un-ha follíña seca,
Que seca tamen me puxo
A callentura que queima.
¡Ay! sí non me levás pronto
Airiños da miña terra,
Sí non me levás airiños
Quísais xa non me conesan.
Qu' á frebe que de mín come,
Vaime consumindo lenta,
E no meu corazonciño
Tamen traídora se ceíba.*

"Cantares Gallegos"

EDLG

**do CMUS Profesional de
Vigo**

Coa colaboración de:

cmus **vigo**
Conservatorio Profesional de Música

ANPA MIÑOCA
CMUS PROFESIONAL
DE VIGO



**O
P
R
I
M
A**



**V CONCURSO
ROSALÍO**

*de composicións breves
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA
DO CMUS PROFESIONAL DE VIGO*

cmus **vigo**
Conservatorio Profesional de Música

V CONCURSO ROSALIANO

de composicións breves:

No ano 2013 e co gallo do 150 aniversario da publicación en Vigo dos "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro o 17 de maio de 1863, unha das pedras angulares para o pulo do Rexurdimento da literatura en Língua Galega, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do Conservatorio Profesional de Música de Vigo (EDLG) contribuíu á celebración desta efeméride convocando o **Concurso Rosaliano de Composicións Breves**. Dada a boa acollida que tivo, decidiu realizar unha nova convocatoria do mesmo neste ano 2018, coas seguintes bases:

1. Este concurso tenta ser o elo que conecte a música creada polas novas xeracións de galegos coa poesía dunha galega de nación e convicción que contribuíu dun xeito clave ao renacer da lírica en Galego.
2. Formarase un comité organizador que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do concurso, e estará formado polos membros do EDLG do Cmus Profesional de Vigo.
3. Poderán concorrer a el o alumnado que curse estudos de Grao Profesional dos conservatorios dependentes da Xunta de Galicia.
4. Os participantes concorrerán cunha peza para solo ou para dúo, instrumental e/ou vocal, de calquera das especialidades impartidas no Grao Profesional de música. A duración estimada da peza será de entre dous e cinco minutos, e o **nível de complexidade da mesma deberá ser o axeitado para o seu traballo co alumnado de Grao Elemental, ou co alumnado dos dous primeiros cursos do Grao Profesional da especialidade de Canto.**
5. As composicións deberán ser orixinais e inéditas, e **deberán glosar textos extraídos do poemario de Rosalía de Castro "Cantares Gallegos", de xeito que o texto inspirador se achegue canda a composición.** O texto íntegro da obra pódese consultar tanto na biblioteca do CMUS Profesional de Vigo, como na páxina da Biblioteca Virtual Galega da UDC: www.bvg.udc.es.

6. Os traballos presentaranse en formato pdf e por correo electrónico na dirección cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es, indicando como **ASUNTO: V Concurso Rosaliano do EDLG**, e xuntaranse a eles os seguintes datos:
 - ▲ Título da obra
 - ▲ Texto íntegro do fragmento de "Cantares Gallegos" no que se inspira a mesma
 - ▲ Nome e apelidos da/o compositor/a
 - ▲ Data de nacemento
 - ▲ Teléfono de contacto
 - ▲ Correo electrónico
 - ▲ Conservatorio de procedencia e especialidade/s na/s que está matriculada/o.
7. O prazo de inscrición comezará o día 5 de marzo e rematará o 13 de abril de 2018, ambos inclusive. Considerarase suficiente para a inscrición o envío da composición acompañada de todos os datos solicitados á dirección de correo antes mencionada. O día 16 de abril de 2018 publicarase un listado na web do Cmus Profesional de Vigo <http://centros.edu.xunta.es/Cmusprofesionalvigo>, cos alumnos admitidos, podéndose reclamar durante os tres días lectivos seguintes aos da publicación no caso de non ter sido admitido por non cumprir algún dos requisitos esixidos.
8. O xurado estará formado pola coordinadora do EDLG, xunto con tres profesores de fundamentos de composición.
9. Este xurado procederá á selección das obras finalistas en función do seu interese musical e da súa adecuación aos obxectivos propostos nos puntos anteriores. O número de obras seleccionadas queda á decisión do xurado. A listaxe das obras finalistas farase pública na páxina web do Conservatorio antes mencionada e nos tablóns de anuncios do Centro o 20 de abril de 2018.

10. As pezas finalistas serán interpretadas polos compositores e/ou os intérpretes que eles acheguen, nun recital poético e musical que se celebrará o día 15 de maio de 2018 ás 19:00, incluído dentro dos actos programados para a Semana das Letras Galegas, e unha vez estreadas procederase á decisión das composicións premiadas.
11. O fallo do xurado realizarase o día do recital de finalistas, e posteriormente publicarase na web do Conservatorio e nos taboleiros de anuncios do centro. Tanto a selección das pezas finalistas como a adxudicación dos premios por parte do xurado serán definitivas e inapelables, podendo declararse desertos estes últimos.
12. **PREMIOS.**
 - ▲ 1º PREMIO. Concederase un premio de 200 euros de material canxeables na tenda de música "Ópera Prima", e diploma acreditativo.
 - ▲ 2º PREMIO. Concederase un premio de 100 euros de material canxeables na tenda de música "Ópera Prima", e diploma acreditativo.
 - ▲ Dous accesits de 50 euros cada un, de material canxeables na tenda de música "Ópera Prima", e diploma acreditativo.
 - ▲ O resto de finalistas recibirán un diploma acreditativo da súa participación no concurso
13. Os/as compositores/as finalistas cederán ao Cmus Profesional de Vigo unha copia das pezas presentadas para formar parte do arquivo da biblioteca do centro, para seren utilizadas como material didáctico nas clases de Grao Elemental.
14. **A participación no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte de todos/as os/as participantes das presentes bases, motivo polo cal non poderán impugnarse unha vez formalizada a inscrición. O comité organizador, en todo caso, quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar medidas precisas.**